



UGT FORMULA INICIAR XA A NEGOCIACIÓN DUN NOVO ACORDO QUE PERMITA AVANZAR NA RECUPERACIÓN DE EMPREGO, SALARIO E DEREITOS DO PERSOAL EMPREGADO PÚBLICO

Madrid 07/09/2021

O sindicato presentou as súas propostas na reunión que mantivo esta mañá coa Secretaría de Estado de Función Pública.

UGT Servizos Pùblicos urxiu ao Goberno para fixar un calendario de reunións para poder negociar un novo acordo de lexislatura para a presentación dos Orzamentos Xerais do Estado para 2022, unha vez finalizado o anterior (2018-2020), que permitiu recuperar salario e dereitos laborais ao persoal empregado público.

A organización sindical presentou as súas propostas para un novo compromiso de lexislatura. As súas reivindicacións inclúen medidas para recuperar emprego público, como eliminar a taxa de reposición ou incluír a xubilación parcial e subidas salariais para os empregados públicos. Tamén pediu a convocatoria da Comisión de Seguimento do Acordo do Plan de choque para reducir a temporalidade nas Administracións Públicas, para asegurar o seu cumprimento e que se implemente con todas as garantías xurídicas.

O desenvolvemento do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) foi outro dos temas que abordaron durante o seu encontro con Lida Sánchez, nova secretaria de Estado de Función Pública. **UGT** destacou a importancia de que se materialice o desenvolvemento de EBEP tanto na Administración Xeral do Estado como naquelhas Comunidades Autónomas que áinda non o levaron a cabo.

UGT sinalou que a modernización e mellora dos servizos públicos deben ser un obxectivo primordial do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Durante a crise ocasionada polo Covid 19 demostráronse esenciais, pero tamén se fixo patente a falta de recursos. Por iso **UGT** reclama un plan de recursos humanos que permita recuperar emprego e rexovenecer plantilla para atender á cidadanía adequadamente.